



# Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón

25, 26 e 27 de outubro de 2013

## PROGRAMA

### Sexta feira/venres 25. Taramundi

17h. **Saída**

O punto de encontro será a saída da autovía 294, Pontearreas.

20,15h. **Hospedaxe**

Será nos apartamentos rurais Los Telares e Casa Paulino, en Taramundi.

### Sábado 26. Taramundi

9h. **Sendeirismo.** Ruta Teixo-Teixois. *10Km, dificultade moderada*

Coñecida por atravesar un belo conxunto etnográfico (mazo, muíño, batán e central eléctrica), a ruta atravesa bosques recargados de carballo e acivro, castiñeiros ventureiros ou núcleos poboacionais ben conservados e vivos polo traballo agrogandeiro. O interese paisaxístico é relevante. Para non perdermos..

15h. **Descanso.**

17h. **Visita á Queixaría artesanal Eo-Leche.** O cooperativismo.

Nada no 1987 por un grupo de produtoras de leite para defenderen o prezo deste alimento fronte á industria, a partir do 2006, define a súa actividade a través da transformación de produtos lácteos e irrompe Eo-Leche Taramundi. Nas instalacións da queixaría, ollaremos o proceso de elaboración dos diversos queixos que producen; o queixo azul, o queixo de cabra, o maduro, o requexo, ou o de noces e abelás; ao cabo, haberá unha pequena proba deles...

18,30 **Visita ao Museo da coitelaría de Taramundi.** O obradoiro da navalla.

Navallas de Taramundi é a iniciativa empresarial que aposta pola recuperación do patrimonio e a posta ao día do oficio da coitelaría a través dun museo que ademais de nos amosar exposicións de coitelos, fouciños e navallas e a evolución deste oficio no decurso do tempo, serve para facer demostracións ao vivo da súa fabricación. E así Daniel, no obradoiro, revelaranos se o segredo das boas navallas ou coitelos, o seu tempero, é transmitido no tempo. A outra actividade da empresa céntrase na elaboración de coitelos e navallas para a venda.

20h. **Descanso**



21,30h. **Cea-convivio** no Restaurante Casa Paulino

### Domingo 27. Santalla de Oscos

10h. **Sendeirismo**. Ruta A Seimeira. 7Km, *dificultade baixa*

Un dos atractivos desta ruta é a ferverza (seimeira, cadoiro) que se atopa ao cabo do percorrido pois os seus 35m de altura e a súa aparencia non nos deixarán indiferentes; é o engado que teñen as ferverzas..

Mais, un bosque de galería ben conservado, maduro, abeirado en treitos por pequenos soutos e carballeiras, a arquitectura de Pumares, a Ancadeira ou a lenda do Val do Desterrado enriquecerán o noso percorrido. Unha boa ruta outonal.

15h **Descanso**

16h. **Visita á casa natal do Marqués de Sargadelos**. O comercio.

Antonio Raimundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos (1749-1809), naceu en Santalla de Oscos e a súa casa na bonita Ferreirela de Baxo converteuse nun espazo dedicado á súa achega comercial e industrial a través da creación en Sargadelos (Lugo), a finais do S.XVIII, dunha das primeiras fábricas de louza e fundición do ferro da súa época.

17,30h. **Volta a casa**